



A APDR TEN PRESENTADO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A APROBACIÓN DA CENTRAL DE BIOMASA DE ENCE EN LOURIZÁN.

A Asociación Pola Defensa da Ría ten presentado en tempo e forma **recurso de reposición** contra a resolución do 30 de abril pola que se aproba a relación de anteprojectos de instalación de centrais de biomasa, publicada no DOG do 28-6-2010. No antedito recurso, e como cuestión previa á exposición das alegacións propiamente ditas, a APDR detense a valorar as declaracións do presidente da Xunta de Galicia, nas que publicamente manifesta que lle “parece moi difícil, por non dicir imposible” a instalación por parte de ENCE dunha central de biomasa en Lourizán. Compre ter en conta que o anteprojecto de ENCE pasou a primeira criba da selección como única preseleccionada para zona nomeada pola Dirección Xeral de Montes O Condado-Paradanta e cunha das puntuacións mais elevadas entre todas as outorgadas. Xa que logo, unha vez realizada esta selección de anteprojectos, se o proxecto de ENCE cumpre co previsto no artigo 12 e seguintes do Decreto 149/2008, será “difícil ou case imposible” que se lle poida denegar a autorización para a instalación da central de biomasa en Lourizán. O goberno galego amosa unha vez máis a súa falta de vontade e compromiso coa recuperación da Ría, pois do contrario non tería preseleccionado o anteprojecto.

E para a APDR, existen razóns abondo para xustificar o rexeitamento do anteprojecto de ENCE, razóns nas que baseamos as nosas ALEGACIÓNS:

1.- **A cualificación do solo.** O solo no que se pretende situar a Central en cuestión non está cualificado para admitir unha instalación destas características, que é incompatible cos usos urbanísticos previstos para a zona.

2).- **A propiedade dos terreos.** ENCE propón a instalación da Central que nos ocupa nun terreo que non lle pertence:

a).- Trátase dun terreo situado nunha zona marítimo terrestre de dominio público, e se ben é certo que ENCE é titular dunha concesión administrativa sobre estes terreos, non é menos certo que tal concesión permite a instalación dunha fábrica de pasta; a pretensión de albergar unha Central de biomasa precisaría a modificación da actual concesión.

b).- A concesión administrativa da que é titular ENCE remata no ano 2018, o que imposibilitaría, na práctica, levar adiante o proxecto proposto ao non dispor dos terreos.

3.- **A viabilidade da inversión.** Todo indica que a inversión necesaria para a instalación dunha Central de biomasa precisa dun período mínimo de 20 anos para ser rendible, polo que a proposta de ENCE nunca poderá selo por canto no ano 2018 remata o prazo da concesión administrativa sobre os terreos de Lourizán. Hai que ter en conta, neste sentido, que a tramitación da solicitude de autorización da instalación (segundo o disposto no artigo 12 e seguintes do Decreto 149/2008) pode demorarse un ano e, ademais, o tempo de execución material das obras de instalación, polo que non será aventurado manter



que a pretendida instalación non podería entrar en funcionamento antes do ano 2012 (estamos seguros que nos quedamos curtos). Neste sentido, desde a APDR solicitamos se proceda a revisar **o presuposto estimado da instalación e a análise de viabilidade da inversión (artigo 8.1.1-c) do Decreto 149/2008).**

4.- **O consumo de auga.** O elevado consumo de auga que require a posta en funcionamento do proceso productivo da Central de biomasa en Lourizán, provocaría problemas. Neste sentido, hai que ter en conta que:

a).- Segundo datos da propia empresa, ENCE consume actualmente **36.255.709 litros de auga diarios (13.233.334 m³/ano).**

b).- De acordo con Augas de Galicia, nos meses de verán o caudal do Lérez baixa sensiblemente, dificultando o abastecemento ás poboacións da Ría. Non parece lóxico, xa que logo, que ENCE incremente o consumo de auga.

Por todo o exposto, APDR solicita a non aprobación do anteproxecto presentado polo GRUPO EMPRESARIAL ENCE, S.A. e a súa exclusión da selección previa.

Pola Xunta Directiva da APDR,

Asinado: Antón Masa, presidente.